



ARACELI C. PÉREZ MORÁN, SECRETARIA P.S DO ILTMO. CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)

NOTIFICO:

**Que pola Alcaldía-Presidencia o día da data dictouse a seguinte,
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Visto o expediente tramitado para a contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente o contrato Mixto consistente na Subministración de dotación para parque Infantil na Praza Pública na Urbanización de As Lagoas e a súa correspondente obra de instalación no Concello de Bueu (Pontevedra)

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 14 de Agosto de 2012 ACEPTOUSE a proposta da mesa de contratación de adxudicar este contrato á Entidade Mercantil HPC IBERICA S.A. Con CIF A-58620808 e moradía social na C/ Paris num. 184-5º 2ª (08036 Barcelona) e cos compromisos contermplados no Sobre B da súa oferta económica.

Con independencia das Melloras Económicas ofertadas polo importe 4.580,67€ , IVE ó 18% engadido.

Constando a esta data que o requerimento contemplado nesta Resolución foi debidamente cumprimentado xustificándose o depósito de garantía definitiva

Presenta asemade a designación do representante do contratista, xustificación de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias (Hacienda, Facenda) e da Seguridade social.

Esta Alcaldía, ó abeiro das facultades atribuídas de acordo coas facultades sinaladas no art. 21. da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local pola que se modifican determinados preceptos da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986 e o disposto na Lei 30/2007 de 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público.

RESOLVE:

Primeiro.- Avoca-las competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este asunto por canto faise preciso dispoñer do servizo á maior brevedade.

Segundo.- ADXUDICAR o contrato Mixto consistente na Subministración de dotación para parque Infantil na Praza Pública na Urbanización de As Lagoas e a súa correspondente obra de instalación no Concello de Bueu (Pontevedra) á Entidade Mercantil HPC IBERICA S.A. Con CIF A-58620808 e moradía social na C/ Paris num. 184-5º 2ª (08036 Barcelona) e cos compromisos contermplados no Sobre B da súa oferta económica.

Con independencia das Melloras Económicas ofertadas polo importe 4.580,67€ , IVE ó 18% engadido.

En todo caso dará cumprimento ás prescricións administrativas e técnicas do Prego

DISPOÑENDO,

- Notifica-lo presente acordo ó adxudicatario do contrato, así como ós demais licitadores, xunto co seu réxime de recursos con indicación de que o



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

expediente se atopa na Secretaría do Concello para poder examinalo no momento que desexe; e significándolle ó primeiro que o representante desa empresa deberá persoarse no Concello en horario de luns a venres e de 8 a 14 horas para formaliza-lo contrato, no prazo máximo de DEZ DÍAS HÁBILES seguintes a contar desde o seguinte ó de recepción por esa empresa da presente notificación de adxudicación do contrato.

O documento administrativo de formalización do contrato constitúe título suficiente para acceder a calquera Rexistro Público. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo poderá elevarse a Escritura Pública a petición do contratista e á súa costa. O contratista, ademais do contrato, deberá asina-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Estes documentos terán carácter contractual.

Se por calquera causa imputable ó contratista non se tivera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá acorda-la resolución do mesmo, así como a incautación da garantía definitiva.

- Dar conta en Xunta de Goberno Local, instando en todo caso a súa ratificación.

O que se notifica en cumprimento do ordeado e ós efectos oportunos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte ó da súa notificación. Non obstante, e con carácter potestativo, poderá interpor recurso de reposición ante o propio órgano autor desta resolución no prazo dun mes, contado dende o día seguinte a súa notificación. Contra a resolución deste último recurso, non poderá intrpoñerse de novo recurso de reposición. Todo elo sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que Vde. estime mais procedente e sexa conforme a dereito

Bueu, 21 de Agosto de 2012

A SECRETARIA ps.

Asdo. Araceli C. Pérez Morán

HPC IBÉRICA S.A. C/ Paris 184 5º 2ª (08036 Barcelona)

PARQUES INFANTILES ISABA S.A. Polígono Industrial El Alter, C/ Argenters 19 46290

Alcasser (Valencia)